

GUÍA DOCENTE DE **CONXUNTO I-II**

## ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

## TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN									
DISCIPLINA: CONXUNTO I-II									
ESPECIALIDADE	Musicoloxía				ITINERARIOS			Etnomusicoloxía, Histórica	
CARÁCTER	Obrigatoria				TIPO DE CLASE			Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:
ECTS/CUAD.	3	3							3h.
					Observacións:				

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Práctica interpretativa en distintos tipos de agrupación vocal e/ou instrumental, afondando nas capacidades relacionadas coa lectura a primeira vista, a comprensión e resposta ás indicacións do/a director/a e a interpretación en conxunto, empregando un corpus musical relacionado cos diferentes repertorios e estilos
COÑECEMENTOS PREVIOS:	
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T7, T9, T10
COMPETENCIAS XERAIS:	X2, X3, X6, X7, X8, X11, X22, X26
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EM1, EM2, EM4, EM5
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Formar parte dunha agrupación e aprender a valorala	T 1, T3, T6, T7, X7, X13, E2, E3, E8, E9
Coñecer a problemática dos distintos instrumentos, aprendendo a adaptarse ás peculiaridades de cada un.	T1, T3, T6, T7, T15, X1, X4, X5, X7, X10, X17, X24, E1, E2, E3, E4, E5, E8, E9
Diferenciar o seu papel como integrante dunha agrupación	T1, T6, T7, T15, X7, X17, E2, E3
Desenvolver a audición e o oído para poder improvisar e compoñer, buscando o equilibrio de planos sonoros	T1, T3, T6, T7, T13, T15, X1, X2, X3, X4, X7, X17, E1, E2
Empregar o son en función dos demais instrumentos ou as características da peza.	T1, T6, T13, T15, X3, X4, X8, X24, E1, E2, E4, E5
Desenvolver a capacidade auditiva como medio para actuar sobre a calidade da interpretación, improvisación, composición, etc. musical.	T3, T13, T15, X1, X2, X7, X11, X17, E1, E2, E3, E4
Coñecer os xestos básicos para levar a cabo unha interacción musical.	T1, T3, T6, T7, T13, T15, X1, X4, X8, X10, X17, X24, E1, E2, E4, E5
Interpretar e aportar materiais con corrección e musicalidade	T3, T6, T13, T15, X3, X4, E1, E2, E3, E4



Concienciarse cara a realización dunha escoita do conxunto e á integración no mesmo	T3, T6, T7, T13, X4, E1, E2, E3, E4
Acatar as regras nun grupo musical e respectar aos demais.	T1, T3, T6, T7, T13, X1, X3, X10, E3, E5, E8

**4. CONTIDOS****Interpretación:**

Articulación, ritmo, dinámica fraseo, etc.

**Composición:**

Frases, progresións, ideas, ritmos, etc.

**Transcripción:**

Preferiblemente de músicas de tradición oral. Aplicación deses materiais á aula.

**Improvisación:**

Motivos: rítmicos, melódicos, armónicos, etc. Sobre o material traballado na aula.

**5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN**

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Clases teórico-prácticas: sonoridade de conxunto, equilibrio de planos, función de cada instrumento.	Presencial	Permanente
Estudio individual	Non presencial	Permanente
Práctica de conxunto: interpretación e improvisación.	Presencial	Permanente
Composición e transcripción de pezas.	Non presencial	Durante o cuadrimestre
Titorías: individuais e colectivas	Presencial	Permanente
Actividades de avaliación	Presencial	Ao final do cuadrimestre

**6. AVALIACIÓN**

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á "avaliación alternativa" e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

*\*Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*